

# UN REGALO DIFERENTE



Co visionado do conto “Un regalo diferente” (ao que podedes acceder pinchando na imaxe), pretendemos transmitirlle aos nenos e nenas os valores da amizade e da humildade, ensinándolles a valorar obxectos que nun principio poden parecer insignificantes, o cal é aínda máis significativo neste momento, no que derivado da situación que estamos a vivir deben permanecer nos fogares e polo tanto precisan favorecer a súa imaxinación para crear novos xogos que os motiven e os divirtan nestes momentos.

## ACTIVIDADES



Buscade un **pano** nas vosas casas (para os máis atrevidos/as podedes organizarlle aos nenos e nenas unha busca do tesouro pola casa na que o tesouro a atopar sexa o pano).

Favorecede que os nenos/as desenvolvan a súa creatividade e ideen diferentes utilidades que lle poden dar ao pano no seu día a día e dentro das vosas casas.



Pedídlle aos nenos/as que escollan un **material de refugallo** que teñades na casa (caixas, botellas, tapóns, envases...) e ideade un xoguete co emprego dese material e outros dos que dispoñades nos vosos fogares. Decorádeo para facelo máis atractivo e chamativo para os máis pequenos/as.